



Sobre estas liñas, a badía de Morecambe. Abaixo, Pérez-Barreiro coa súa dona, Teresa Barro

MARIBEL LONGUEIRA

Fernando Pérez-Barreiro dende os montes de Cumbria

ENFIANDO

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL



Non todas as persoas teñen a calidade de ser unha e, ao tempo, varias; de se identificar cunha cerna coherente e firme e, ao tempo, abrirse ou ofrecerse coma unha árbore ou un cristal, en múltiples facetas, pólas que investigan o aire enriquecendo a visión, construíndo novas realidades. Algo así era Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Algo diso expresaron algunhas das voces que o evocaron nos primeiros días de xaneiro que seguiron ao seu pasamento en Lancaster. Gentleman, cun certo aire de axente secreto, persoa sumamente intelixente, xeneroso, vital, cun grande sentido do humor, membro dun posible corpo diplomático galego na liña de Lois Tobío, comprometido con Galicia e coa súa cultura e, ao tempo, crítico.

Sendo todo isto certo, había máis cousas en Fernando, pequenas intimidades, xogos e costumes dunha personalidade complexa que aprendeu que o máis importante que temos é a vida e que a grandeza desta nace da certeza da morte.

El era quen dominaba as claves informáticas coas que Teresa interpretaba os logaritmos das cartas astrais, eses mapas vitais, individuais ou colectivos, que non adiviñan nada pero que, ás veces, axudan a desenmascarar ou a recoñecer as dificultades do labirinto polo que nos movemos.

Fernando mantiña relación con amigos secretos que o enriquecían dende a sombra. Velaí, senón, as figuras de Paul Manser, veciño das rexión dos lagos da que Fernando gustaba tanto, ou o Tembrás dese Londres no que Fernando viviu case corenta anos.

Dende o día en que nos coñecemos en Corcubión, Fernando sempre quixo que eu fora aos lagos, por percibir o eco das voces de Wordsworth, Coleridge e Southey, por sentir o alento das

PERSONALIDADE

“Gentleman, cun certo aire de axente secreto, persoa sumamente intelixente, xeneroso, vital...”

voces románticas que alí confluíron, por coñecer a Paul e pasar con el. Foron varios os intentos frustrados de ir xuntos, ata que no mes de xuño pasado fomos en tren, nunha viaxe na

que el non nos acompañou, pero si Teresa.

Polas rúas de Londres e de Lancaster, nos vellos pubs onde el pedía un refresco e eu unha pinta de cervexa negra, falamos moito de poesía, unha das súas paixóns. Del aprendín o pouco que sei de poesía chinesa contemporánea; el amosoume o camiño para mellor comprender os versos de Auden; inicioume na poesía de D.H. Lawrence, segundo el moi próximo a nós, os galegos, na concepción do mundo e na interpretación das cousas; por el souben máis de Seamus Heaney e, sobre todo, aceptei o seu consello de afondar na figura de Edward Thomas, o poeta inglés morto nunha trincheira durante a Primeira Guerra Mundial, xa que, na súa opinión, había algo común entre Thomas e eu, unha relación particular coa natureza, dicía Fernando, unha atención a esas cousas pequenas de cada día que suceden arredor de nós e nas que só reparamos se alguén nolas advirte, sexa un xeito particular de chover, o canto do merlo ou o primeiro agromo das árbores.

Na primavera, no xardín que rodea Ashworth Mansions, o edificio onde Fernando e Teresa tiñan o domicilio londiniense, cantaba o reiseñor. En Lancaster eran os paporrubios, o robin que vén sendo o paxaro nacional inglés. Fernando estaba atento e escribíame sobre os paxaros no-

IDENTIDADES

“Fernando mantiña relación con amigos secretos que o enriquecían desde a sombra”

vos que vía, identificándoos ou describíndoos. El e Teresa vivían encantados na casa de Lancaster, á beira da súa filla Beatriz e do neto Cameron que alumeaba os seus días. Dende as fiestras da traseira vían a badía de Morecambe, xa no mar de Irlanda e, por detrás, as montañas de Cumbria, nese territorio comprendido entre a rexión dos lagos e o sur de Escocia.

Por mediación de Fernando, e durante un tempo, mantiven co-

respondencia con Paul, falabamos de poesía. A Tembrás non sei se o volverei a ver pola rúas de Londres. Se cadra si, na biblioteca da que el e Fernando eran socios.

No último correo electrónico enviado por Fernando, xa metidos no Nadal, dicíame: “Nevou moito estes días e os montes de Cumbria son un caleidoscopio engaiolador. Paul e Tembrás rifan moito este inverno, e a culpa téñoa eu, que non consigo armonizar”. E cada vez que o leo non podo evitar un arrepío, ao tratar de interpretar se esa dificultade para harmonizar expresaba unha sensación, un desacougo, a intuición dese frío que se nos veu tan de socate o día catro de xaneiro, e busco a súa ollada e o seu sorriso que soñan Galicia dende os montes de Cumbria.

